



MODELO SILVÍCOLA	PCA (populicultura en solos acedos)
ESPECIE:	<i>Populus spp</i> , en particular <i>Populus × interamericana</i> .
OBXECTIVO:	Produción de madeira apta para o desenrolamento.
DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: Depresións de Lemos, A Limia, Verín e Terra Cha. Distritos X, IX, VIII (Lugo), XIII, XIV e XV (Ourense). Alternativa produtiva en terreos agrícolas en abandono, cumprindo coa lexislación vixente. Orientado á produción de madeira de calidade con xestión intensiva. Compatible con pastoreo ou cultivo agrícola durante os 5 primeiros anos.	

REXENERACIÓN	
Marco e densidade de plantación	Clons de <i>Populus × interamericana</i> , en particular "Raspalje" ou "Unal". Posibles outros clons resistentes a solos acedos e con madeira de aptitude contrastada para o desenrolamento. Marco de 6 × 6 m, densidade de plantación de 278 varetas/ha. Material en varetas de 2 zumes, de 4 a 5 m, a plantar a raíz profunda. Recomendable uso de retroescavadora de eirugas con xiro de cabina 360°, plantación simultánea das varetas a profundidade dependente de nivel de capa freática en setembro, 2 m a modo indicativo. Estacións de fondo de val, de vocación agrícola. Capa freática oscilante entre 0,5 e 3 m ao longo do ano, con bo nivel de fertilidade natural, texturas ben compensadas e nivel de acidez reducido. Fertilización de implantación a feito en superficie, segundo necesidades do solo.
Mantementos	Reposición de varetas mortas o primeiro ano. Rozas ou gradeo superficial, anuais ata os 6 anos, cada dous anos de 6 a 16 anos. Posible roza química consonte á lexislación. Tratamento fitosanitario contra <i>Melasoma populi</i> en anos 1 e 2, aplicación anual por triplicado. Seguimento fitosanitario en detalle.

TRATAMENTOS SILVÍCOLAS	
Podas	Podas reiteradas nos anos 3, 4, 5, 6 ou 7, con suba de 2 m da altura podada en cada intervención, alcanzando unha altura total podada de 10 m (2 toradas podadas de 5 m). As podas de 6 a 10 m requiren o uso de plataformas elevadoras. Alternativamente, pode podarse a 6 m con serrón ou tesoiras sobre pértiga, asegurando unha primeira torada podada de 5 m.
Podas de formación	Poda de formación no ano 2, eliminando galladuras e ramas moi grosas ou de tendencia vertical.
Rareas	Non.

CORTA FINAL	
Idade de corta	A quenda de 14-18 anos, sobre todos os pés plantados agás aqueles que sufriran mortalidade natural. Produtividade media daría diámetros obxectivo de 30 a 35 cm, con alturas de 25 m, volumes de árbore individual de 0,75 m ³ , volume total aproveitable de 200 m ³ /ha, crecemento medio > 12 m ³ /ha año.



	Máis do 75% do volume obtido corresponde ás dúas primeiras toradas de 5 m, destinadas a desenrolamento. 25% del volume con destino a taboleiros ou biomasa. Restos de corta de 30 ton verdes/ha aproveitables como biomasa de uso industrial.
Métodos de corta	Corta a feito seguida de repoboación ou ben reutilización da parcela a actividades agrogandeiras, previa comunicación ou autorización de cambio de actividade.